



CURSO ESCOLAR 2017 – 2018 Circular nº 1

HORARIO ESCOLAR

O alumnado escolarizado no curso 2017-2018 terá o seguinte horario escolar: xornada continuada polas mañás de 8:45 a 14:25 e a tarde do martes de 16:30 a 18:10 horas. Os mércores pola tarde destinaranse ao programa CUALE e a actividades extraescolares e deportivas...

COMEZO DE CURSO

O venres **15 de setembro** recepción do alumnado polos titores nas súas aulas.

12h30': 3º e 4º ESO

13h: 2º ESO

13h30': 1º ESO

BACHARELATO: Reunión en usos múltiples con xefatura para presentar aos titores e despois subir á aula de clase.

17H: 1º BACH

17h30': 2ºBAC

Rogamos que todo o alumnado agarde na porta do centro, dez minutos antes da hora sinalada.

LISTAS DE ALUMNOS

As **listas provisionais** de alumnos estarán expostas no Instituto a partir do xoves 14 de setembro, ás 11:00 h. Tamén poderanse consultar na páxina web do centro.

Todo o alumnado deberá comprobar que os seus datos son os correctos. **Non se admitirá ningún cambio agás erro na matrícula.** As reclamacións serán atendidas por xefatura de estudos de 11 a 13h ese mesmo día.

Nos primeiros días de clase, recibirán, a través dos/as seus/súas fillos/as, unha segunda circular con toda a información académica do curso.

LIBROS DE TEXTO

O alumnado da ESO admitido no fondo de libros, recibirá, nas correspondentes presentacións, un documento que deberá traer asinado polo pai, nai ou titor legal, para levar a cabo a entrega dos libros correspondentes nos primeiros días de curso.

A Estrada, a 7 de setembro de 2017.
A DIRECTORA

Asdo: Gisèle Maïssa Rodrigo.